



.....

Xornada

Emocións e Vocación Científica

.....

Fundación Pondal
Ponteceso
26 de outubro de 2022



A Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade do Consello da Cultura Galega, na súa vontade de estimular o coñecemento e a vocación científica do público máis novo, organiza un encontro na Fundación Pondal da aldea do Couto con estudantes de centros da contorna, concretamente alumnado de 4^o e 6^o de educación primaria do CEIP Labarta Pose (Baio-Zas), do CPI As Forcadas (Corme-Ponteceso) e do CEIP Eduardo Pondal (Ponteceso). Xuntos traballarán as emocións, a ciencia e a resolución de problemas da vida cotiá. O obradoiro dividirase en dúas partes. Na primeira os estudantes explicarán a súa vocación e traballarán a relación desta coas súas materias favoritas e coas súas actitudes cara ás ciencias. Na segunda parte, que se realizará en pequenos grupos, presentaráselle ao alumnado unha serie de inventos e quen os inventou e terán que elixir a quen corresponde cada un deles. Con ese coñecemento pasarán logo a pensar un problema da vida cotiá que lles gustaría resolver e, empregando unhas cartas de persoas que traballan en ciencias en diferentes disciplinas, conformarán o seu *dream team* científico que lles axude a resolver o problema. Finalmente, o alumnado representará a obra de teatro *Isabel Zendal e os nenos da varíola*.

Programa

09:30 horas

Inauguración

Elena Vázquez Cendón, coordinadora da Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)
Ánxela Bugallo e Xosé María Varela, coordinadores da actividade

10:00 horas

Obradoiro: Eu de maior quero ser...

Andrea Fernández Sánchez.

Profesora. Área de Didáctica e Organización Escolar. Facultade de Ciencias da Educación da USC

Lucía Vázquez Ben. Profesora. Área de Didáctica das Ciencias Experimentais. Facultade de Ciencias da Educación da USC

13:00 horas

Isabel Zendal e os nenos da varíola

Adaptación teatral escolar do libro de María Solar dedicado aos 22 nenos e nenas que partiron o 30 de novembro de 1803 dende o porto da Coruña. Procedían de orfanatos de Madrid, Santiago e A Coruña e foron unha cadea de transmisión («persoa a persoa») para facer chegar a vacina contra a varíola aos territorios americanos.

Organiza

Consello da Cultura Galega

Sección de Ciencia, Tecnoloxía, Natureza e Sociedade (CCG)

Colaboran

Fundación Pondal

CPI As Forcadas

CEIP Eduardo Pondal

CEIP Labarta Pose

Lugar

Fundación Pondal

Aldea do Couto s/n

Ponteceso (A Coruña)

Máis información

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>

Organiza:



Colabora

